

BASES REGULADORAS DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS BARREIROS

CURSO 2022-2023

1. OBXECTO.

Convocatoria pública pola que se ofertan as prazas para as actividades das Escolas Deportivas Municipais (EDM) para o curso 2022-2023.

As publicacións relativas a este proceso faranse públicas na páxina web do Concello <https://www.concellodebarreiros.gal>. Poderase obter máis información no teléfono de información 982124002.

2. PERSOAS DESTINATARIAS.

Poderán inscribirse nas EDM Barreiros 2022/2023 as persoas que polo menos teñan cumprido os 4 anos a decembro do 2022. Cada persoa deberá solicitar as prazas que desexe nas actividades ofertadas, en función da súa idade.

Terase que facer unha declaración responsable de condicións de saúde e participación (anexo V) por parte da persoa inscrita, ou no seu caso, pola persoa que ostente a garda e custodia ou a tutela do menor, de que non se padece ningunha enfermidade que a incapacite para a práctica da actividade deportiva á que se inscriba. De incorrer en falsidade, a persoa será dada de baixa de oficio sen dereito á devolución das taxas aboadas.

As persoas que presenten algunha disfuncionalidade deberán indicar na declaración responsable o tipo e grado de discapacidade, se a persoa é dependente e indicar calquera adaptación ou seguimento que precisen levar. Así, co fin de cumprir cos principios de normalización e inclusión valoraranse as posibilidades e medios dos que se dispón para poder inscribirlas nas actividades desexadas.

3. PRAZAS OFERTADAS.

Ofertaranse prazas para todas as idades a partir de 4 anos. A praza obtida por este procedemento dará dereito a comezar as actividades, sempre que a persoa sexa admitida na actividade deportiva e teña previamente formalizada a inscrición.

A EDM reagrupáanse en: EDM para menores e EDM para adultos, e atendendo á idade á que vai dirixida cada unha escola a oferta de prazas en cada actividade varia:

- A. EDM para menores: de 4 a 15 anos. (Anexo I)
- B. EDM para adultos: 16 ou máis anos. (Anexo II)

Nos anexos respectivos indícanse a oferta de cada EDM (código da escola, a actividade deportiva, o número de prazas ofertadas, as idades ás que van dirixida, a frecuencia semanal de cada actividade e as instalacións onde se desenvolven), o horario das actividades e a organización de cada unha das actividades.

4. CALENDARIO .

As EDM BARREIROS darán comezo o 10 de outubro do 2022 e rematarán o 31 de maio do 2023, agás a actividade de Surf para menores que rematará en xuño do 2023, por cuestións técnicas da propia actividade.

As actividades das EDM Barreiros Menores desenvolveranse en días lectivos suspendéndose nos períodos de vacacións escolares: Nadal (do 23 de decembro ata o 6 de xaneiro), Entroido (do 20 ao 22 de febreiro) e Semana Santa (do 03 ao 10 de abril, ambos inclusive); e nos días festivos de ámbito estatal, autonómico ou local, declarados polas autoridades competentes.

As actividades das EDM Barreiros de Adultos non se impartirán nos días festivos de ámbito estatal, autonómico ou local, declarados polas autoridades competentes.

5. CRITERIOS DE SELECCIÓN.

1. As prazas ofertadas en cada escola e/ou grupo asignaranse correlativamente por orde de rexistro de entrada entre as persoas inscritas en tempo e forma, aplicando a prioridade ás persoas censada no Concello de Barreiros a día 1 de xaneiro do 2022. Tamén terán preferencia aqueles nenos/as que, sen estar empadroados, si asistan a algún dos colexios de Barreiros. Dentro das posibilidades de cada actividade darase preferencia a aquelas persoas que non estean xa apuntadas noutra actividade, para que se podan beneficiar o maior numero de persoas posible.
2. Cando nunha escola exista listaxe de reserva, poderase dar de baixa a calquera persoa inscrita que presente, no mes anterior, unha ausencia á actividade igual ao 10% do horario lectivo mensual da escola, sen xustificación.
3. Se nunha escola non existira listaxe de agarda as persoas que o desexen poderán optar as prazas que puidesen quedar libres.

6. INSCRICIÓN.

O prazo para as solicitudes de inscrición será de 10 días naturais dende a publicación das bases no taboleiro de anuncios do concello e unicamente se poderá facer a través da sede electrónica do Concello de Barreiros ou na oficina de rexistro municipal, de luns a venres en horario de 9:30h. a 14:30 h, mediante un formulario publicado ao efecto para cada EDM (Anexo III e Anexo IV).

So se poderá presentar un formulario de inscrición **por persoa, de solicitar praza para varios menores realizarse unha inscrición por cada menor**. No formulario terase que elixir as actividades deportivas nas que a persoa estea interesa en adquirir unha das súas prazas ofertas, indicaranse as escolas cos códigos que se establecen no Anexos I e II.

Cando se trate dun menor de idade, os pais, nais ou o titor/ra legais, cubrirá o formulario cos seus datos persoais, así como cos datos das persoas menores. Nas publicacións do procedemento desta convocatoria, o DNI que se fará público será o do pai, nai ou titor/ra legal.

7. LISTAXE PROVISIONAIS DE PERSOAS ADMITIDAS.

Finalizado o prazo de inscrición publicarase na web do Concello, as listaxes definitivas coas persoas admitidas en cada actividade deportiva, unha vez aplicados os criterios de selección.

8. FORMALIZACIÓN DA INSCRICIÓN

As persoas admitidas deberán formalizar a súa inscrición achegando a documentación requirida no prazo de cinco días hábiles.

9. TAXAS

Actividades ADULTOS:

Unha clase á semana 15 €/ mes
Por cada clase a maiores semanal..... 10 € máis ao mes.

Actividades MENORES:

Patinaxe 10 €/ mes
Natación 15 €/ mes

Multixogos/ Atletismo/ Fútbol Sala:

1 actividade 20 €/ mes
2 actividades 25 €/ mes
3 actividades 30 €/ mes

Surf:

1 hora á semana 30 €/ mes
2 horas á semana 45 €/ mes

Na EDM Barreiros MENORES aplicarase un desconto do 20% por cada irmá/irmán inscrita/o nas Escolas Deportivas Municipais.

Coa formalización da inscrición facilitaranse os datos bancarios para emitir os recibos mensuais do custo das actividades.

10. FORMALIZACIÓN DE BAIXA.

Cando unha persoa desexa cursar baixa nalgunha das actividades nas que está inscrita, deberá presentar a súa solicitude de baixa por escrito no Rexistro do Concello a través do formulario que alí se lle proporcione ou a través da Sede Electrónica do Concello.

A baixa terá efectos no mes natural seguinte á solicitude de baixa presentada.

Anexo I

OFERTA E HORARIOS DAS EDM MENORES

Táboa 1. Oferta e horarios das actividades EDM Menores

ACTIVIDADE DEPORTIVA	ORGANIZACIÓN E HORARIOS DA OFERTA
Multixogos (4-6 anos)	De outubro a maio 2 días á semana, clases de 1h. Horario previsto: <u>Martes e xoves de 17:00 a 18:00</u> Instalacións: Pavillón Polideportivo de San Cosme
Atletismo (6-14 anos)	De outubro a maio 2 adestramentos por semana, clases de 1h. Horario previsto: <u>Martes de 18:00 a 19:00 e Xoves de 18:00 a 20:00, dependendo da categoría.</u> Instalación: Pavillón Polideportivo de San Cosme
Patinaxe (4-14 anos)	De outubro a maio 1 clases á semana, clases de 1h. Horario previsto: <u>Luns de 18:00 a 20:00, dependendo do grupo.</u> Instalación: Pavillón do CEIP de San Miguel de Reinante. Material requirido: patíns e proteccións (codeiras, xeonlleiras, bonequeiras e casco)
Natación (4-12 anos)	De outubro a maio 1 clase á semana, clases de 45 min. Horario previsto: <u>Venres de 17:00 h. a 17:45h.</u> Instalación: Piscina Municipal de Ribadeo, C/ Pintor Fierros, 26. Nivel dos Cursos e prazas <ul style="list-style-type: none"> ▪ Curso iniciación: 10 prazas para crianzas que precisan material de flotación para desprazarse na auga. ▪ Curso perfeccionamento: 20 prazas para crianzas que nadan 25 m. sen material de flotación
Fútbol Sala (4-14 anos)	De outubro a maio 2 adestramentos por semana de 1h. Horario previsto: <u>Mércores e Venres, de 17:00 a 20:00 dependendo da categoría.</u> Instalación: Pavillón Polideportivo de San Cosme Categorías: Biberón (2018-2017), PreBenxamíns(2015-2016), Benxamíns (2014-2013), Alevíns (2012-2011), Infantís (2010-2009) e Cadetes (2008- 2007)
Surf (8-15 anos)	De abril a xuño. 2 clases por semana, clases de 1h 30min. Días e horarios previstos: <u>Martes e/ou Mércores de 17:00 h. a 18:30 h.</u> Grupos: mínimos 5 alumnos/as, máximo 14 alumnos/as. Espazo natural: Praia de Coto, Barreiros Imprescindible saber nadar

Anexo II

OFERTA E HORARIOS DAS EDM ADULTOS

Táboa 2. Oferta das actividades das EDM Adultos

ACTIVIDADE	PRAZAS	IDADES	FRECUENCIA	INSTALACIÓNS
Ximnasia de mantemento	16 por grupo	16 ou máis	2 días á semana	Centro Sociocultural Manuel Díaz Sampedro.
Espalda saudable	16 por grupo	16 ou máis	1 días á semana	Centro Sociocultural Manuel Díaz Sampedro.
loga	16 por grupo	16 ou máis	2 días á semana	Centro Sociocultural Manuel Díaz Sampedro.
Cardio Hitt	20 persoas	16 ou máis	1 días á semana	Pavillón Polideportivo deSan Cosme
Zumba	20 persoas	16 ou máis	1 días á semana	Pavillón Polideportivo deSan Cosme

Táboa 3. Horario das actividades das EDM Adultos

Actividade deportiva	Luns	Martes	Mércores	Xoves
Ximnasia de mantemento	17:00 a 18:00		17:00 a 18:00	
Espalda saudable				20:00 a 21:00
loga	18:15 a 19:15		20:30 a 21:30	
Cardio Hitt		19:30 a 20:15		
Zumba		20:30 a 21:30		

Anexo III

FORMULARIO DE INSCRICIÓN EDM PARA MENORES 2022/2023

DATOS DO/DA MENOR.

Nome e apelidos:.....

Data de nacemento:/...../..... DNI: -

Empadroado/a no Concello de Barreiros: Si Non

Asiste a algún dos colexios de Barreiros: Si Non

DATOS DOS/AS PROXENITORES/AS.

Nome e apelidos do/a proxenitor/a 1 :.....

DNI: - N° Teléfono:

Correo electrónico:

Nome e apelidos do/a proxenitor/a 2:.....

DNI: - N° Teléfono:

Correo electrónico:

SOLICITO UNHA PRAZA NAS SEGUINTE ACTIVIDADES DEPORTIVAS 2022/2023

(marque cunha cruz no recadro das actividades ás que desexe inscribirse):

MULTIXOGOS

PATINAXE

ATLESTISMO

FUTBOL SALA

NATACIÓN: Curso de Iniciación

NATACIÓN: Curso de Perfeccionamento

SURF: Martes

SURF: Mércores

Rematado o prazo de inscrición as persoas admitidas deberán achegar a seguinte documentación:

- a) Datos bancarios para a domiciliación das mensualidades.
- b) Fotocopia do DNI da persoa inscrita, se non se dispuxera del presentarase a copia do libro de familia.
- c) 1 Foto de carné no caso de que a persoa inscrita non teña DNI.
- d) Copia da tarxeta sanitaria do/a menor inscrito/a.
- e) Declaración responsable sobre as condicións de saúde.
- f) Autorización sobre o tratamento de protección de datos e captación e uso de imaxes.

Aquelas persoas que xa estiveran inscritas nas Escolas Deportivas Municipais no curso 2021/2022 non precisan presentar a documentación requirida no apartado b), c) e d).

Firma proxenitor/a, titor ou titora legal do/a menor

En Barreiros, a..... de..... de.....

De acordo co regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, de Protección de Datos de carácter persoal, os datos recollidos neste documento serán tratados de forma confidencial e poderán ser incorporados ao correspondentes ficheiros do Concello de Barreiros. En calquera momento, poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándollo por escrito mediante unha solicitude, que presentará en rexistro xeral do Concello de Barreiros ou por correo electrónico administracion@concellodebarreiros.gal, provisto dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. CONCELLO DE BARREIROS dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos.

Anexo IV

FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN EDM PARA ADULTOS

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

16 ou 17 anos 18 anos ou máis

Nome e apelidos:.....

Data de nacemento:/...../..... DNI: -

Nº Teléfono:

Correo electrónico:

Empadroado/a no Concello de Barreiros: Si Non

DATOS DO/A PROXENITOR/A

Cubrir obrigatoriamente no caso de que o/a solicitante sexa menor de 18 anos

Nome e apelidos:.....

DNI: - Nº Teléfono:

Correo electrónico:

Eu, como proxenitor/a da persoa solicitante autorizo a participar nas actividades deportivas solicitadas neste formulario.

SOLICITO UNHA PRAZA NAS SEGUINTE ACTIVIDADES DEPORTIVAS 2022/2023

(marque cunha cruz no recadro das actividades ás que desexe inscribirse):

XIMNASIA DE MANTEMENTO Luns de 17:00 a 18:00 Mércores de 17:00 a 18:00

IOGA Luns 18:15 a 19:15 Mércores 20:30 a 21:30

ESPALDA SAUDABLE Xoves 20:00 a 21:00

CARDIO HITT Martes 19:30 a 20:15

ZUMBA Martes 20:30 a 21:30

Rematado o prazo de inscrición as persoas admitidas deberán achegar a seguinte documentación:

- a) Datos bancarios para a domiciliación das mensualidades
- b) Fotocopia do DNI da persoa inscrita.
- c) Declaración responsable sobre as condicións de saúde.
- d) Autorización sobre o tratamento de protección de datos e captación e uso de imaxes.

Firma do solicitante ou do proxenitor/a, titor ou titora legal do/a menor

En Barreiros, a..... de.....de.....

De acordo co regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, de Protección de Datos de carácter persoal, os datos recollidos neste documento serán tratados de forma confidencial e poderán ser incorporados ao correspondentes ficheiros do Concello de Barreiros. En calquera momento, poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándollo por escrito mediante unha solicitude, que presentará en rexistro xeral do Concello de Barreiros ou por correo electrónico administracion@concellodebarreiros.gal, provisto dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. CONCELLO DE BARREIROS dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos.

Anexo V

DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE AS CONDICIÓN DE SAÚDE

D/D^a
con DNI/NIE

D/D^a
con DNI/NIE, actuando como proxenitor/ra ou titor/a legal da persoa
participante menor de idade
con DNI/NIE

Declaración responsable de condicións de saúde e hixiene

Declaro que a persoa participante non está diagnosticada de ningunha enfermidade que lle supoña risco para a súa saúde durante o desenvolvemento das actividades deportivas.

Declaro que a persoa participante padece (enfermidade/alergia/patoloxía):

.....
e por tanto, precisa das seguintes consideracións concretas no desenvolvemento das actividades deportivas
nas que se inscribiu:

.....
.....
.....

Firma o/a proxenitor/ra ou o/a titor/ra legal do/a menor

En Barreiros, a..... de..... de.....